ORDENANZA Nº 10:

ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS E INMOBLES.

CONCELLO DE CERVANTES

N.I.F: P-2701200 D
Tel. 982 36 49 04 – Fax. 982 36 49 10 – Rúa Deputación s/n – 27664 CERVANTES (Lugo)
concello.cervantes.cervantes@eidolocal.es

ORDENANZA FISCAL Nº 10
REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES

Artigo 1º.- Fundamento.

O Concello de Cervantes, de conformidade co apartado número 2 do artigo 15, o apartado a) do número 1 do artigo 59 e dos artigos 60 a 77 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fai uso das facultades que lle confere a mesma, en orde á fixación dos elementos necesarios para a determinación das cotas tributarias do Imposto sobre Bens Inmobles, cuia exacción se efectuará con suxeición ao disposto nesta Ordenanza Fiscal.

Artigo 2.Tipo de gravame e cuota

Na aplicación do artigo 72 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de ,marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,o tipo de gravame será:

- Para os bens inmobles de natureza urbana o 0,5%.
- Para os bens inmobles de natureza rústica o 0,6%.
- Para os bens inmobles de características especiais o 1,30 %.

Artigo 3. Exencións.

En aplicación do disposto polo artigo 62.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, e en razón a criterios de economía e eficiencia na xestión recaudatoria do tributo quedarán exentos de tributación no imposto os recibos e liquidacións correspondendentes a bens inmobles:

- Urbanos, cando a súa cota líquida sexa inferior a dos (2) euros.
- Rústicos, no caso de que para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos poseídos no término municipal sexa inferior a dos (2) euros.

Artigo 4.

No non expresamente previsto na presente Ordenanza rexirán os preceptos contidos na subsección 2ª da sección 3ª, do Capítulo II do Título II do referido Real Decreto Lexislativo 2/2004, concordantes e complementario do mesmo, e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como as disposicións dictadas no seu desenvolvemento.

CONCELLO DE CERVANTES

N.I.F: P-2701200 D
Tel. 982 36 49 04 – Fax. 982 36 49 10 – Rúa Deputación s/n – 27664 CERVANTES (Lugo)
concello.cervantes.cervantes@eidolocal.es

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derogada a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles do Concello de Cervantes, aprobada definitivamente polo Pleno na data de 24 de outubro de 1989, así como as sucesivas modificacións da mesma.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.